



O FARELO

Nº 60

Decembro de 2021

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

O Concello do Pereiro e a ANPA queren implantar a ESO no colexio



Páxina VII

Iniciouse o acondicionamento do Castelo da Pena na Limia



Páxina XII

Volve a Ourense a campaña lápiz solidario



Páxina XIII

Xunta e Concello de Ribadavia avalían implantar un polígono agroforestal



Páxina XIII

Xunta e Turismo Ribeira Sacra impulsan accións de promoción



Páxina XIV

Monforte case duplica o investimento no alumeadado para o Nadal 2021



Páxina XV



O Concello de Sober e adrega Regina Viarum xa teñen a Q de calidade turística

Páxina XIV

Entrevista



Xesús Fraga | Escritor

“Quixen reflectir unha familia afectada por moitas migracións”

Páxina V



Adega Vella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA - Ourense.
Tfns. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Denominación de Origen Protexida



Bar FUENTEFRÍA

Afumados
Carnes
Clásicos
Queixos
Ensaladas

Rúa Viriato, 6
OURENSE



Opinión

O Mapamundi

Por Roberto Mansilla Blanco

30 anos sen a URSS

O vindeiro 22 de decembro cumpríranse oficialmente tres décadas da desaparición da URSS, o primeiro Estado socialista da historia. Cando falamos do final da URSS, veñen dous nomes inmediatamente á cabeza: Mijaíl Gorbachov e Boris Yeltsin. O primeiro, o derradeiro líder soviético. O segundo, o "sepultureiro" da URSS que pasou a converterse no primeiro presidente da Rusia postsoviética.

A estes dous nomes debe engadirse un terceiro: Vladímir Putin, no poder desde 1999. En Putin personifícase claramente esa transición do mundo soviético ao postsoviético. Con el ao fronte, Rusia tenta recuperar o seu esplendor imperial nun mundo cada vez máis complexo.

Qué tanto mudou o mundo sen a URSS nestes trinta anos? Os cambios foron vertixinosos. Deuse paso a un mundo de

"posguerra fría" colindando entre a unipolaridade (EEUU) e a multipolaridade; apareceron novas nacións independentes (Ucráina, Armenia) cos seus conflitos "postsoviéticos"; o medo á guerra nuclear do mundo bipolar veuse superado pola proli-



feración nuclear desmesurada (Corea do Norte, India, Paquistán, Irán, Israel...); e finalmente hoxe observamos un revival da bipolaridade pero xa non contra Rusia senón contra China.

É posible seguir falando na actualidade do "mundo soviético"? Cal é a súa herdanza? Trinta anos despois podemos falar da primeira xeración "postsoviética", a de aqueles que non viviron na URSS pero que a súa herdanza segue dalgún xeito presente. Pero ese "mundo soviético" segue moi presente en milleiros de persoas en Rusia, sen que isto implique absolutamente establecer algún tipo de nostalgia deses tempos.

Se ben hoxe seguen a existir oficialmente países con sistemas comunistas (Cuba, Corea do Norte, China e Vietnam) e outros vestixios ana-

crónicos dese sistema (Transnistria), o comunismo soviético obsérvase hoxe como cousa do pasado, unha especie de "arqueoloxía dun mundo perdido", en palabras do historiador Karl Schlögel, que parecera máis ben interesar aos estudosos.

Pero o mundo de hoxe non é exactamente mellor sen a URSS, pero tampouco parece estrañalo. A promesa do "fin da historia" anunciada en 1989 por Francis Fukuyama, esa na que o liberalismo triunfaba anunciando un novo e definitivo ciclo histórico, hoxe vese contestado nun mundo mediatizado pola prevalencia do inmediato, do efectista, da política como espectáculo.

A URSS, ese "imperio do mal" así cualificado no seu momento polo ex presidente estadounidense Ronald Reagan, terminou sendo máis "perigosa" coa súa desaparición que precisamente durante as súas sete décadas de existencia.



Por Abelardo Basden

0 caudal

Onte á noite soñei cunha casa encantada, rodeada de auga que corría como desesperada. Deixei levar polo caudal vertixinoso que arremolinaba en cada recuncho o escintileo de mil soles, esculpidos en pequenas ondas. Vinlles romper en espuma de luz e eleváronse ata min para entreter os meus ollos cunha sinfonía iridiscente, que derramaba en min a cor dos sentimentos.

Aflixume a perda da memoria pétrea, fagocitada pola conspiración dos líques e

a oxidación, que ademais conseguían que o magmático e o calcáreo recelaran entre si e deixei arrastrar aos abisais universos das fosas alzehilmicas, onde a presión e a calor alcanforado da razón perdida, converten en tesouros os recordos.

Entón alí, ao bordo da máis absoluta escuridade, camiñei desprovisto de sentidos as mohosas estancias da tolemia, onde o tempo legaminoso da vellez marchita aférrase desesperado ao que queda de vida. Entretíveme nos recunchos de cada des-

coido e percorrín os interminables corredores do desvarío ata atopar a con todo tan accesible escaleira do fracaso.

Alí vin un mundo manco, de bocas desdentadas escorregando no chanzo imposible do seu propio pranto. Rescatoume o estalido dun chuveiro de bágoas contra o ceo. Entón arrastroume un latexado e regresei contra o meu propio caudal, sendo ver dos mil soles que surfeaban as cristas iridiscentes dos sentimentos que, como carruseis decrépitos, choraban óxido mentres me renxían a ruído pelado que estaba perdido no leito, porque non sabía ver o manancial.

Espertei sobresaltado, afogado na miña

propia suor. Non debe ser bo durmirse na bañeira de mármore centenar, do xa esquecido e sepulto balneario de casa de dona María, pois á beira, xa non se imprimen soños, e as letras, secas de tinta e esfameadas de sentido fanche perder o camiño de volta.

Relato de Abelardo Basden de cando a rúa Progreso chamábase xeral Franco e, o que é hoxe o "solar das ánimas libres" era o cárcere de Ourense; de cando un balneario evadía máis que o psicotropismo e as ínfulas.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 658 58 50 49
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017

O FARELO

Xornal Cultural
para o Lecer

Máis información na nosa web
www.novasdoeixoatlantico.com

Por Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero

Darío Xohán Cabana, amigo da i-alma, camarada!

Hai xa moitos anos, principios ou mediados dos setenta do século pasado, cantaba na miña fráxil voz aqueles versos de Darío que se titulaban “Canción pra escribir mañá”, daquelas en Fuxan os Ventos e sobre a música de Antón Campelo, que dicían, entre outras voces de fríos ventos: “Dixéronme de neno cando era namais que vento e fume dado ao vento, sen sempre unha alma pura un sentimento de rosas e de estrelas, primavera”.

Darío foi sempre un grande poeta, na súa orixe chairega viñeira para Lugo, capital de estudo e instituto. Tratábase de ir un pouco máis alá da aprendizaxe da escola. El viña de Cospeito, en concreto de Roás; e eu viñera de Vilalba, a dona da Chaira como lle chamaba Manuel María. Todos viñamos á capital abrir algo de horizontes. Xa na cidade atopámonos no esperar á vida, nos desexos de trocar un mundo sen cores que nos tocara e nos afogaba, negado, para pór algo con máis de cor nos ilusorios ollos das imaxes. Uns e unhas facendo versos, cine, folgas, cursos de actualización e dinamización da conciencia, músicas, esperanzas, calor da loita incipiente, un fervoreiro de ilusións emocionadas. E por suposto aquela relación de amizade que entre nós nacera e duraría a vida enteira. Viñemos e coñecémonos, soubemos de nós por debaixo de mil silencios conspirados, libros agachados, conversas en festa e paseos tamén con Uxío, Traperero, Cunqueiro, Pimentel, Fole, Orestes, Enriqueta, que eran maiores cá nos.

Mais tal como anunciaba a cantiga, no medio da insistencia do vento, que seguía a zumbar: “...unhos anos despois ao ser o inverno, nun bosque escomezado a abrirse á vida, dixéronme “neno” a vida éche moi dura moi sufrida, despois da primavera, vén o inverno!”.



Aquel inverno que nos fixo xuntar a tanta xente en anxeios comúns, en soños que un día terían de ser reais, certos diante dos ollos. Conspirabamos a pesar dos silencios “negacionistas” e de tanta limitación e censura, de tanta cautela e metáfora, mesmo disimulo. Nós tiñamos unha esperanza firme, a de ser, a de demostrar a dignidade da orixe, da Lingua nosa. Queríamos amosarnos ao mundo sendo quen eramos! Falando nesta lingua por entón tan prohibida e negada. Catro tolas e tolos, catro, na ousadía de querer falar, escribir, cantar e soñar a liberdade. Mais, no medio do com-

promiso, sempre estaba Darío para axudar, para reconfortarnos. A censura andaba atrás, pisándonos para esmagarnos. Multas, negacións de concertos, de festivais, de proxeccións. Eramos moita xente a confrontar a dura realidade. A poucos, aparecía máis xente que se xuntaba, comezabamos a ser un grupo xeitoso. Amizades comúns como Fiz Vergara Vilariño, Marica Campo, Alfonso de Xermolos, Celso Emilio Ferreiro, Suso Vaamonde, Mingos e Parrado de Melide, Paco Martín, Luz Pozo, Luz Galocha, Morgan, Celeiro, Xabier Docampo, Ferrín, Agustín F. Paz, O Mago Antón, Mariña, o noso Manuel María e centos de persoas máis que nos aloumiñaban versos e alentos. Como non, o Darío a carón, abondando posibles verbas para causas perdidas, ...ou non tan perdidas.

Pasaba lentamente o tempo. Zoaban de novo os ventos do seu e xa, o meu cantar porque o fixen meu, naquelas verbas: “Agora pola Terra camiñando, loitando coa vida, en contra da vida, non ollo máis que pranto e xeadas, ...ninguén me dice nada, ningunha me dice nada, ...dice nada, ...dice nada!”. Sabiamos da longa noite, da espesa espera entre pedras e lousas do silencio! Eran tempos de pouca cor, mais estabamos xuntos, e iso era unha forza que non daba tempo ao desespero. Sempre con Darío, a pesar das tantas dificultades, Darío estaba! Moitos foron que non o entenderon ou non quixeron entendelo. Darío era firme e fiel coma un penedo, por iso non precisaba de explicacións, miraba nos ollos e entendía perfectamente. Nada que explicar.

“Vou andando silandeiro, pola chaga compartida, por que non me din nada? Por que non me din nada, me din nada, me din nada? Ninguén me dice nada? Por que? Por que? Tantas preguntas nos fixemos

xuntos, tanto amamos o mundo e, no en tanto, fôise-nos a vida nos versos do mañá. Darío hoxe habita xa aqueles lugares da nostalxia. Onde queira que estea sempre o botaremos en falta, imperecedeiro na memoria dos que soñamos xuntos e con el a dignidade, das e dos que o quixemos e queremos, que acudimos a el para fortalecernos no seu exemplo. Si, porque el nos cantou a esperanza de vencer, tamén desde a metáfora, aos tres galgos da noite que daquelas ondeaban nos pazos e palacios. Somos nós o lobo que nunha noite de séculos venceu nun recanto de luces, e matou aos finos galgos de tres zarpazos ou poutadas (daquelas nin ortografía tiñamos, nada nos privaba de expresar as ganas de liberdade con tal de entendérmonos e soñala).

Quen non o coñeceu, ao noso Darío, que volva polo moito que nos agasallou en traducións, relatos, versos. Veredes a aquel meu amigo fiel, que acabo de narrar entre lembranzas, metido aínda nos versos dunha cantiga de amor, como facemos agora xa no grupo A Quenlla, “Por amor” na que as verbas aloumiñan corpos do deseño que se tecen e destecen en utopías de sons, ecos de harmonías, Patria e Matria liberadas. Eu destacaría, por riba de todo, a súa honradez e amizade, a mesma que nos alimentou vida e agora alimentará lembranzas felices, de soños e romarías, tamén de bágoas. Por iso expreso novamente e desde a dor a miña profunda admiración, agradecida memoria por quen en verdade foi íntegro e sempre será un patrón a seguir!



Por Ramón Coira Luaces

Patrimonio material galego en ruínas

Desde ADEGA-Ourense visitamos e fotografamos algúns dos B.I.C. (Bens de Interese Cultural) da nosa provincia que se encontran en ruínas. O seu estado de abandono é lamentábel, cubertos de maleza e incluso en perigo de derrumbe como no caso da reitoral da igrexa de San Xoán en Piñor, da que adxunto unha fotografía que ilustra este texto. E aínda sen sermos moi entendidos podemos constatar o valor artístico da súa balastrada e do conxunto en xeral. Porén calquera día derúmbase definitivamente, pois o seu estado de conservación está moi mal. O mosteiro de Santa Comba de Naves, cuxas orixes se remontan á alta Idade Media, chea de ma-

leza e cuns loureiros dentro, dos que colli-mos unhas poliñas. A torre medieval de Torán en Taboada, chea de vexetación e con gretas na estrutura. O mosteiro de Santa Mª de Melón (cuxa restauración se abandonou, supoñemos que por falta de presupuesto) e o mosteiro do Bon Xesús de Trandeiras en Xinzo de Limia. As ruínas deste último están preto dunha carballeira e teñen un enfeitizo especial, pois son realmente fermosas. Para estar en ruínas non está mal de todo; porén deberían limparse algunhas zonas de maleza e estabilizarse outras, a falta dunha desexábel restauración para a que, seguramente, tampouco hai cartos. Desde alí vese ao lonxe a torre da Pena,



Gonzalo.

cuxo estado de conservación tamén foi denunciado hai tempo por outros colectivos. E aínda temos algunha visita máis pendente e o meu compañeiro Gonzalo presentará tamén os informes e escritos oportunos, como fixo durante anos e anos. A ver se algunha das autoridades competentes teñen dó e fan algo ao respecto... Aínda que está en primeiro lugar como obxectivo, ADEGA non só se preocupa pola defensa do noso patrimonio natural, senón tamén pola lingua e cultura. E colaboramos con outras organizacións ecoloxistas participando, por exemplo, en mobilizacións contra o cambio climático ou en plataformas contra a proliferación excesiva dos parques eólicos no noso territorio.



Opinión

Por Nemésio Barxa. Preboste da Irmandade dos Vinhos Galegos.

A Irmandade dos Vinhos Galegos

Há mais de 32 anos en Vilamarin (Ourense) constituíu-se a Irmandade dos Vinhos Galegos, idea do inesquecible Pepe Posada con a colaboración de José Manuel Anguiano e Manolo Cabezas e a concorrência de muitos outros que nos sumamos ao projeto, que nascia con o fin de defender, promover, difundir e beber os bons e generosos vinhos galegos, das cinco Denominacións de Oríxene e incluso aqueles típicos de zonas non demarcadas, mas con tradición no país. E como toda Irmandade debería contar con un Roi Xordo decidiu-se que o noso fosse Manuel Maria, exaltando de este modo a figura dos poetas que non deixaram de cantar ao vinho. Aprobáronse os Estatutos, nos que se estableceu que as reunións capitulares se celebrarían nas datas próximas dos solsticios e equinócios, ingresáron novos irmandiños e tomamos contacto con outras confrarias vinícolas, especialmente do Norte de Portugal. O Sanedrín elige o lugar onde se vai celebrar cada capítulo (sempre entre o amplo abano que nos ofrece Galiza de cultura, arte, historia, natureza, lendas, etc) e os vinhos tintos e brancos, de diversos lugares e adegas, que se catarán numa cata comentada por todos os irman-

dinhos asistentes ao ato. Como o solsticio de inverno coincide con as festas naviñhas e de Fim de Ano, substituíu-se por uma festa/tributo á castanha que nos últimos vinte anos se celebra o sábado da semana seguinte ao São Martinho de Tours no mosteiro/Parador de Santo Estevo de Ribas de Sil, em que contamos con irman-



dinhos, familiares e amigos num extraordinário capítulo vinícola, gastronómico e musical con entronización de novos membros da Irmandade e protagonismo para a castanha.

Na Irmandade consideramos que os dous produtos máis importantes na subsistencia de nosos antergos, que aplacaram muita fame e muito dor, foron no seu tempo a castanha (con perdón para o porco) que aguantava do corpo e o vinho que reconfortava o espírito, mere-

cedores ambos da homenaxe das xeracións actuais, de vida muito máis levadoira. E como lugar pareceu-nos igualmente o adecuado a Ribeira Sacra, na que castiñeiros e videiras conviven pacífica e animosamente producindo castañas de calidade e acios que se transforman en gustosos caldos brancos e tintos, onde monges e monjas povoaron seu ricos mosteiros e igrejas, onde impressiona o románico nos seus mosteiros de Santa Cristina de Ribas de Sil, São Pedro de Rocas, Santa Maria de Monteterramo, de Junqueira de Espadanedo e muito especialmente no magnífico mosteiro, hoxe restaurado para Parador, de Santo Estevo de Ribas de Sil, no que celebramos esta homenaxe e que no pasado día 20 foi un espectáculo con 90 asistentes, reparto do NOS diário, agasallo da empresa Sermos Galiza, cata de sete vinhos, catro brancos godelhos e trajadura e tres tintos sousão, torróns e brancelhão, monovarietais, entronización de varios novos irmandiños, aperitivos diversos e magusto en vivo e directo, almoço con caldo de castañas, perdiz e marrón glace, queimada, muita conversa e música.

E ao remate todos felices.

Quinta do Limoeiro, novembro de 2.021



Por Avelino Jácome

Vampiros de Nadal

Oio a melodía da vida inserida no balbordo; vivimos como ratas asustadas en cloacas e teatros. Imaxinando escenas de grandeza para impresionar aos actores da mesma obra. Cando o pano escóndenos volvemos correndo ao esterco podre onde nos escraviza o noso eu.

Os vampiros polo menos non renegan de se mesmos, son puros. Dirás que mal-

vados e crueis, habitantes do frío; sen dúbida sono, pero esconden a súa propia partitura feliz nalgún recuncho, onde unha vez posuíron os sentimentos.

A canina mírame con doxura, sabe que en Nadal os ataques dos chupadores de sangue son máis cruentos, cheiran o intento do humano por regresar á bondade perdida. "Non te aflixas, o tempo camiña sen presa, é como unha roda arrastrada

por un caracol e os homes ségueno, suxeitos polo fio tenue da baba, canto máis se apegan ao chan, máis esforzo malgástan".

"Hoxe son lexión os inimigos coméntolle, veñen por tódalas partes." Nisa move o anaquiño de rabo que sobreviviu da súa propia traxedia e cala... Despois entre as tumbas do cemiterio atopamos unha sepultura co meu nome. Ás veces o vampiro máis sanguinolento habita dentro de un mesmo...

Tombámonos fronte a fronte sobre a inscrición e de súpeto acudiu o pranto sa-

nadeiro e choramos abrazados... Nalgún lugar do universo un demo perdeu as súas ás. E descubro que aos cánidos non pode vencelos ningún enacanto.

A pascua devolve baleiro o meu espello, con todo eles son seres de luz.

Mentres eu salouco enriba da miña sepultura a canina ouvealle ao nadal, son tempos escuros, moi escuros.



Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Por Moncho Mariño

Xesús Fraga | Premio Nacional de Narrativa 2021

“Quixen reflectir unha familia afectada por moitas migracións”

A emigración dunha muller a Londres para sacar adiante tres fillas e unha nai recén viúva, todo despois da desaparición do marido en terras venezolanas. Unha epopeia familiar que comeza nos sesenta e que marcou profundamente a vida de tres xeracións. Estas son as premi-

sas de Virtudes (e misterios) novela de Xesús Fraga (Londres, 1971) que recibiu o Premio Nacional de Narrativa 2021. Un documento necesario para entender a emigración da segunda metade do século XX e o choque cultural na Galicia do franquismo e da Europa tecnoloxicamente máis avanzada.



-Realmente a figura da túa avoa foi un pilar básico para todos vós. Como se pode traducir literariamente unha vida de emigración como foi a da túa familia?

Certo que a miña avoa foi un pilar para a miña familia, mais cando es pequeno e medras con esas circunstancias case que o dás por feito, forma parte da túa vida e non o cuestionas. Logo cando vas medrando e madurando comezas a ter máis información e outro punto de vista. Así podes dimensionar en todo o seu valor aquilo que fixo ela por todos nós. A idea era tirar da miña memoria, dos recordos acumulados sobre ela, porque a pesar de vivir no Reino Unido viña unha ou dúas veces por ano e logo eu pasaba con ela pequenas tempadas en Londres. Así, a través dos recordos fun reconstruído a miña memoria ademais doutros factores como eran as fillas e outros parentes. Así é como emerxe ese retrato.

-Hai algo moi curioso que son os retratos ou fotografías inseridos no texto. Pensaches en que colocar estas imaxes podería ser algo arriscado dentro dunha novela?

Tiña un risco, claro, a fotografía ten unha carga de veracidade moi potente mais tamén pode inducirnos a levar as nosas conclusións a terreos máis arriscados. Son consciente que a fotografía é un momento conxelado no tempo, que podemos tomala como representativa dunhas persoas e duns feitos ou actitudes mais

logo a realidade é máis matizable. Dito isto, pensaba que era un risco que pagaba a pena correr. Por exemplo, co meu avó, con quen eu non tiña ese vínculo tan directo da memoria e con quen todo eran conxecturas e os misterios citados no título do libro. Con el pagaba a pena botar man dese testemuño fotográfico que me permitía afrontar a súa fisonomía e as memorias que me contaban outras persoas. Son consciente de que achegaba máis información e tamén era susceptible dunha interpretación que formaba parte dese discurso do libro, ir pescudando o significado da súa emigración para varias xeracións da nosa familia.

-Buscabas quitarlle tamén parte ou toda a mística que lle puxeron arredor á emigración en Galicia?

Castelao xa o fixo antes que nós e moito mellor. Por unha parte está o cadro do indiano que volveu e a quen lle foi ben e logo está o cadro dun moribundo que está coa nai dicíndolle: “miña nai, non quería morrer só aló”, o caso de alguén que morreu pobre. Son dúas partes dun mesmo fenómeno que tamén se poden dar nunha mesma persoa. Eu buscaba era avaliar o impacto dunha maneira máis intimista ou doméstico, como a emigración acaban por condicionar os factores da vida. As ausencias, o tránsito de ideas, de proxectos e sobre todo o impacto social. Familias separadas, fillas que medran sen pais, netos que pertencen unha nova xeración

migratoria e viven a cabalo entre dúas culturas. Ese era o retrato que quixen reflectir, unha familia extensa afectada por moitas migracións diferentes.

-Como vivías a capacidade de adaptación da túa avoa para falar un idioma novo nunha sociedade distinta?

Era unha capacidade de supervivencia e adaptación tremenda, digna de estudo. Ela emigra a comezos dos 60 a Londres, que era unha das capitais do mundo. Aquí o franquismo estaba ben asentado. Ela nunca estivera nunha grande cidade, só coñecía Coruña e Vigo e esta última para coller o barco. Así pois temos o impacto que lle producía estar nunha grande cidade da que non coñecía o idioma e tampouco sabía como funcionaba a sociedade, os cartos nin os códigos, mais logo se foi afacendo para sacar adiante a súa familia. Aí intervén o seu ollo para encontrar traballos, lugares onde ela podía mercar aquilo que podía ser útil para a familia, a liña de solidariedade entre os emigrantes galegos e tamén con xente doutros países. Iso de como unha persoa chega a unha cidade enorme e encontra o seu espazo e entenden as súas dinámicas é algo que me parece digno de describir e sobre todo polos lazos emocionais coa túa avoa.

-As novas xeracións de emigrantes teñen ese xeito de adaptación como o tiña a túa avoa ou outros emigrantes daqueles tempos?

Creo que tamén contan as ca-

pacidades persoais. Ela tiña unha personalidade moi forte, unha determinación e capacidade de sacrificio e traballo que a singularizaban dentro do seu tempo como cos emigrantes de agora. É certo que o país cambiou a sociedade é diferente e xa non hai esa necesidade tan extrema e extendida como había antes. O feito era que vivía de aluguer, tiña tres fillas e logo coidar da nai cando o pai morre aínda moi novo. A día de hoxe non hai tantas circunstancias tan dramáticas, aínda que si son importantes e non se deben minusvalorar pois demostra que aquí non se dan as condicións idóneas para levar adiante a vida desexada, un porque quere investigar, por mellorar as súas condicións laborais ou ao mellor por prexuízos que pesabamos xa superados e ao mellor non o están tanto. Iso fai que haxa persoas buscando a vida noutro lugar. Son tempos e circunstancias moi distintos e por iso non son moi equiparables para facer unha comparación.

-Que che dicían cando chegabas con discos de vinilo de grupos que aquí case nin se coñecían?

Discutía moito coa miña avoa porque ela quería traer cousas mercadas durante todo o ano e eu quería levar os discos de vinilo que ocupaban e pesaban abondo. Ela ía moito aos mercados en Londres onde identificara sitios con prezos asequibles. Logo eu

coñecía unha cadea de tendas con discos de segunda man que, daquela había cinco ou seis e agora só dúas. Así pasaba horas para dar conta de xoias por prezos moi baratos. Logo aos meus amigos lles gravaba cancións e así había un grande intercambio de música. Tamén había amigos que vivían no Reino Unido que cando viñan para aquí lles pediamos cintas para grabar, ademais eu tiña un walkman con radio e grabadora e adoitaba grabar cintas para descubrir outros grupos e outros estilos que me puidesen interesar.

-Como foron os primeiros pasos para escribir esta novela?

Foi un proceso longo e complicado que me levou entre dez e doce anos escribila. A idea xa a estaba remoendo desde antes. Houbo un período onde estivera decidindo o modelo narrativo, podía coller a vida dos meus avós, cambiarlles os nomes e construír personaxes literarias. Finalmente rexeitei esa idea porque ambos os dous tiñan suficiente forza como para representalos sen esa máscara da ficción. Aí estiven dándolle voltas para dar co modelo que ao final foi un modelo moi memorialístico no que eu estaba apoiado nas miñas memorias, da familia e doutras persoas, tendo en conta que ás veces a memoria ten moita imaxinación porque a imaxe memorialística co tempo vaise afastando dos feitos orixinais.

Parque da Igualdade na contorna do encoro de Cachamuíña

O Parque da Igualdade está chamado a ser “un espazo para a esperanza, pero tamén para a reflexión na loita contra a violencia de xénero”, afirmou o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, durante a inauguración deste novo enclave que, situado na contorna do encoro de Cachamuíña, (O Pereiro de Aguiar) lembra e rende homenaxe ás máis de 1.100 mulleres asasinadas desde 2003 e cuxos nomes figuran ao pe da escultura “El abrazo” de Manuel Buciños.

O acto inaugural, que incluía a ofrenda dunha coroa de loureiro en homenaxe ás vítimas, contou coa presenza de Miguel Santalices, presidente do Parlamento de Galicia; membros da corporación provincial; o alcalde de Pereiro de Aguiar, Luís Menor Pérez; Manuel Buciños; representantes dos corpos e forzas de seguridade do Estado; e Luisa Pérez, a cardióloga

que recibiu o primeiro Premio Olimpia Valencia.

Hoxe, destacou Manuel Baltar, “cumprimos co acordo alcanzado no pleno do debate sobre o estado da provincia do pasado ano”, felicitando expresamente á deputada de Igualdade e Reto Demográfico, Luz Doporto, por executar este proxecto, así como a todos os que colaboraron no mesmo.

O presidente provincial explicou á elección do enclave do Parque da Igualdade, pola orixe, no Concello de Pereiro de Aguiar, “dun tridente de persoas que defenderon e loitaron pola liberdade”. Citou así ao Padre Feijoo, “que naceu en 1676 no Pazo de Casdemiro e autor do primeiro tratado feminista español: “Defensa de las Mujeres”; lembrou a Bernardo González del Valle, o xeral Cachamuíña (1771), “o libertador de Vigo, porque a igualdade tamén é liberdade”; e mencionou a Xosé Ramón Fernández Oxea, Ben Cho

Shey (1896), un dos grandes do pensamento galeguista.

Tralo agradecemento de Luís Menor pola elección da contorna de Cachamuíña para situar este espazo, a deputada Luz Doporto definiu o Parque da Igualdade como “un espazo concibido para sensibilizar á sociedade na prevención da violencia de xénero, visibilizar e render unha homenaxe permanente ás vítimas e evitar que se esquezan os seus nomes e as súas historias tras un número”.

Doporto explicou os detalles dunha nova área na que a cidadanía, a comunidade educativa, as familias ou calquera outro colectivo van ter a oportunidade de tomar conciencia “de como se produce o ciclo e a escalada da violencia”. O parque consta dun paseo en forma de lazo, onde os visitantes atoparán, entre bidueiros e lavandas, obstáculos de pedra e outros elementos que representan o camiño emocional



Inauguración do Parque da Igualdade no Concello do Pereiro de Aguiar.

que percorren as vítimas e o deterioro do seu entorno.

No centro do óvalo que forma o lazo, a loita das mulleres pola igualdade está representada por unha escultura do artista e Fillo Adoptivo da provincia, Manuel Buciños, “El abrazo”, que representa a loita das mulleres pola igualdade. Ao pe da escultura figuran os nomes de todas as vítimas da violencia de xénero desde 2003, ano no que se comezou a dispoñer de datos, rodeadas de bolboretas en lembranza das irmáns Mirabal, asasinadas un 25 de novembro de 1960 durante a ditadura de Trujillo na República Dominicana nun feito coñecido como a “traxedia das mariposas”.

O Parque da Igualdade xa forma parte da área natural e de ocio que a Deputación está a crear na contorna do encoro de Cachamuíña, onde desenvolve desde hai tempo un conxunto de actuacións para dar maior valor a este espazo, como a instalación de equipamentos para a práctica deportiva, a ampliación das zonas de aparcamento grazas á colaboración cos comuneiros da Chaira, e unha futura zona na que os novos artistas poderán exponer as súas obras grazas á cesión de terreos por parte da Fundación Cumlaude, ademais das vantaxes que ofrece a súa proximidade ao complexo acuático que se está a construír en Monterrei.

Melloras no centro educativo Ben-Cho-Shey

No colexio público do Pereiro de Aguiar realízanse moitas melloras e todas elas conforman un servizo esencial e fundamental como é a Educación. A mellora do fluxo circulatorio dos vehículos que acceden ao centro coa apertura do peche superior do patio e o acondicionamento do espazo que estaba por enriba de xeito que se gañou moito en seguridade e comodidade para os usuarios do mesmo. Tamén se mellorou o pavimento e sinalización da estrada que bordea o centro.

A construción do bosque do Ben-Cho-Shey. Espazo de dez mil metros no entorno do centro que co seu acondicionamento se ten convertido nunha zona moi utilizada para actividades docentes e de lecer dos alumnos do centro e da aula concilia. Este espazo está plenamente operativo e resulta moi utilizado sobre todo en tempos como os que nos tocan vivir. Tamén é moi



Estado actual do centro educativo do Pereiro.

utilizado polo resto da cidadanía. Dotación por parte do Concello de persoal de apoio (subalterno) ao colexio. Petición longamente demandada pola comunidade educativa e que xe é unha realidade dende o pasado curso. Tamén redoblouse o servizo de limpeza do centro por mor da Covid – 19 con cargo exclusivamente a fondos municipais.

Apoio a labor da ANPA establecendo unha subvención para o seu funcionamento nos orzamentos municipais de xeito

anual. Duplicouse o espazo para cociña no centro que tamén era longamente demandado. Melloras nas instancias da aula concilia.

Estase a traballar na cuberta do patio do colexio. Trátase dunha obras de mais de 300 mil euros que está a executar a Consellería e que rematará en decembro nos seus aspectos esenciais.

Están previstas tamén obras de eficiencia enerxética- cambio de fiestras- no colexio para mellorar as condicións do servizo e aforrar en enerxía.

Obras de mellora e humanización do Pereiro de Aguiar



Visita da conselleira de Territorio.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acaba de asinar o contrato polo que se adxudican as obras de mellora e humanización da capitalidade do Concello do Pereiro de Aguiar. Desde xeito, este mesmo outono a empresa adxudicataria pode iniciar os traballos.

Esta obra, adxudicada por un orzamento de 120.000 euros, permitirá que o ámbito delimitado pola rúa Grande, a praza do Concello e o camiño Baralongo teña

un aspecto renovado e integrado coa paisaxe, ademais de ser unha zona moito máis funcional, aberta e accesible aos veciños.

Os traballos consistirán no soterramento das instalacións e das conexións á vivendas, para garantir servizos básicos municipais de calidade; a instalación dunha rede de sumidoiros separativa, para mellorar a xestión das augas residuais deste ámbito; a rehabilitación do pavimento; e a instalación de iluminación e mobiliario urbano.

O Concello do Pereiro e os pais de alumnos queren implantar a ESO no colexio

Responsables do Concello do Pereiro de Aguiar reuníronse con representantes da Asociación de Pais de alumnos do colexio Ben Cho Shey para tratar dos temas que afectan ao centro educativo. Os principais puntos tratados foron: implantación da ESO no centro. Por parte da Alcaldía informouse das xestións que leva feito nos últimos meses o equipo de goberno coa Delegación da Xunta en Ourense e máis concretamente coa Xefatura Territorial de Educación para que se estude a implantación da ESO no Ben Cho Shey e que os nenos non teñan que desprazarse fora do Concello. A Consellería ten sobre a mesa os seguintes escenarios: Implantación da ESO no Ben Cho Shey coa posibilidade de acoller nen@s de concellos limítrofes para facela máis viable. É sen dú-



Reunión municipal coa ANPA do colexio público

bida a mellor opción pero tamén a máis custosa e longa de implantar. “Dende o Concello e ANPA é a que defendemos como absolutamente prioritaria” di o alcalde.

Avaliar o Cambio de adscrición dos alumnos do Ben Cho Shey para cursar a ESO no instituto das Lagoas (o de referencia) en lugar de Mende onde a reciben actual-

mente. Ou continuar coa situación actual de adscrición a Mende. “Tanto a ANPA como o Concello, xunto con todos os demais membros da comunidade escolar traballaremos de xeito conxunto por acadar a mellor solución tendo en conta, por enriba de todo, sempre o superior interese dos nosos nen@s” afirma o alcalde.

O Pereiro convoca axudas veciñais para reactivar a economía local

O Boletín oficial da provincia publicou a convocatoria de axudas para compra de material informático de apoio ao estudo; tamén a de familias numerosas. Xa foron convocadas as de adquisición de libros e material escolar e terceira convocatoria de axudas a hostalería. En vindeiros días irán saíndo as restantes: axudas a natalidade (benvido ao Pereiro) e as primeiras para deportistas individuais.

“Debemos de ter en conta que a pandemia deixa unha importante factura económica, en forma de crise, que debemos contribuír a atallar na medida das nosas posibilidades e ahí que creamos o Plan Reactiva Pereiro – 21 o cal contén tamén medidas fiscais, de promoción económica e de inversión directa que se están a executar”, explica o alcalde.

O prazo para solicitálas axudas a familias numerosas e material informático de apoio ao estudo

chega ata o 13 de decembro. A resolución das mesmas publicaranse no seu momento no taboleiro de anuncios e na web do Concello.

Todas estas medidas, xunto cos incentivos fiscais como a rebaixa do ICIO, ou a modificación de ordenanzas fiscais para bonificar a creación de emprego, ao ter a consideración de Concello Emprendedor, van na liña de axudar aos nosos veciños e contribuír a recuperación económica tan necesaria sempre e máis nestes momentos.

O Pereiro solicita ao Sergas aumento de persoal



Interior do centro de saúde do Pereiro de Aguiar.

A sanidade é un servizo esencial en calquera tempo e máis no de pandemia que nos toca vivir. Dende o Pereiro traballamos para que cada día se melloren máis as prestacións que se lle ofrecen aos nosos veciños así como as condicións nas que os profesionais desenvolven o seu traballo” asegura o alcalde Luís Menor Pérez. O rexidor engade que “dende o Concello, de xeito conxunto cos responsables da Xunta, procuramos acadar continuas melloras. Froito dese traballo e desa colaboración son o novo centro de saúde, que está a piques de cumprir un ano; o aparcadoiro ao carón do mesmo e a dotación do servizo de matrona”.

“Valorando moi positivamente o acadado, temos o obxectivo de seguir mellorando e así temos solicitado, en sucesivas ocasións, e por diversos medios estas melloras que vimos de reiterar.

Dun lado queremos que os actuais servizos se reforcen para atender a unha poboación que sigue en aumento e unha situación de pandemia que recarga de traballo aos profesionais”, sostén o rexidor municipal.

O alcalde concreta que “é necesario reforzar o persoal do seguinte xeito. Un médico máis. Un profesional de enfermaría e un administrativo máis para os servizos xerais reforzando a atención ao usuario e telefónica. Ademais reiteramos a que se implante canto antes o servizo de pediatría”.

Luís Menor di coñecer a predisposición do SERGAS en atender as demandas e “sabemos das súas limitacións de falta de persoal como ocorre en Pediatría e de todo tipo. No obstante dende o Concello vamos a seguir traballando para que o servizo sanitario que se lle presta aos nosos veciños sexa cada vez mellor” conclúe o alcalde.



O CONCELLO DO PEREIRO
DESEXÁLLES UN

Bo Nadal



Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

Seguridade Cidadá controlará á hostalería

O Concello de Ourense anunciou a posta en marcha dunha campaña especial de sensibilización e control do lecer que abarcará diversas actividades, como pintadas ilegais, control de locais de lecer, rúidos, ocupación de vía pública e actividades sen licenza ou que non se axustan a esta. Farao a través das concellerías de Seguridade Cidadá, Comercio e Urbanismo así como coa implicación da Policía Local.

Foi o acordo ao que se chegou nunha reunión entre os concelleiros de Urbanismo, Sonia Ogando, e Seguridade Cidadá e Comercio, Telmo Ucha, coa xefa da Policía Local e mandos do Corpo para tratar esta problemática e buscar unha maior coordinación entre todos os departamentos municipais. Indícase respecto diso que "a intención non é outra que o cumprimento da diversa normativa que afecta a estas actividades para garantir a idónea convivencia". Para o que, sinala o Concello, pídesse primeiro a sensibilización cidadá e a súa colaboración para conciliar lecer e dereitos do cidadán, pero tamén respecto a aquelas



O Concello de Ourense fará controis na hostalería.

actividades que si cumpren coa normativa vixente e que son a maioría, sinala o concelleiro Ucha.

Realizaranse controis aleatorios e frecuentes en establecementos públicos e zonas sensibles para inspeccionar e corrixir calquera tipo de infracción, "coa formulación de tolerancia cero", anúnciase. No caso da hostalería seguiranse as indicacións que actualiza continuamente a Xunta de Galicia para combater os contagios de Covid. Aínda que, sinala o Concello que, "ao detectarse certos incumprimentos sobre actividades sen permiso ou que non se axustan a leste, (algunhas relativas a permisos, terrazas ou instalacións, entre outras), extremaranse os controis para reorganizar adecuadamente estas actividades

e non consentir nin relaxación de medidas nin incumprimentos das ordenanzas municipais ou calquera outro tipo de normativa en vigor. Vai combater con firmeza calquera situación de descontrol".

Tamén se concluíu a existencia dunha certa "sensación de impunidad", que deriva do feito de que siga habendo expedientes sancionadores pendentes de tramitación. "Non só é falsa senón que non ten cabida e sería un erro grave reincidir na infracción debido a que o obxectivo prioritario desta Administración é acabar coa reincidencia de infraccións", sinala agora o Concello, tras o compromiso das concellerías para acelerar a tramitación dos devanditos expedientes, entre outras medidas.

Certificado Covid ata o 18 de decembro



Nas terrazas só pode haber grupos de quince persoas xuntas.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) autorizou á Xunta a implementar o certificado covid para permanecer nos interiores de restaurantes e nos bares (neste caso a partir das 21,00 horas).

A Comunidade galega entenderá o uso deste pasaporte, que xa está en vigor en todo o lecer nocturno, nos albergues (para a ocupación do 100 por cen das camas en habitacións compartidas) e para os acompañantes e visitantes dos pa-

cientes ingresados en hospitais.

O uso do certificado Covid estará vixente ata o 18 de decembro. Ata esta mesma data e desde o sábado 27 de novembro estará en vigor a redución dos grupos máximos en hostalería e lecer nocturno, así como nos eventos con cócteles. Así pois hai un límite de oito persoas por grupo ou mesa nos interiores da hostalería, mentres que en terrazas será de 15 persoas (frente ás 20 ata o de agora permitidas).

**Café Bar
NOVO
ENTRIMO**
Viños e tapas

Velázquez, 18
O COUTO
Ourense
627 85 86 13

Santa

Almorzos
Petiscos
Tapas

Rúa Greco, 6
O COUTO
Ourense

CASCO HISTÓRICO
OURENSE

Taberna Enxebre

Feliz Nadal e Aninovo

607 085 027 Lepanto, 14 baixo Ourense

Trocadero

Restaurante
Tapería

Rúa Remedios, 18. Tfns. 988 295212. 628400403. Ourense.

Empresarios de Portugal



Portugueses de viños en Demamá Luis.

Un grupo de empresarios portugueses visitaron Ourense a finais de novembro. Xantaron cabrito na Tapería Dona Chica, na Praza de

Saco e Arce que rexentan Francisca Fernández e Camilo Fernández, de Melgaço (Viana do Castelo). Antes do xantar Camilo levounos a facer “pasarúas”

polo casco vello ourensá. En decembro virá outro grupo para facer o mesmo percorrido pola zona de viños antes do xantar no local dos seus compatriotas.

Peña Camarón



Os membros da peña en Alpendre Pulpo.

Este grupo faixe chamar “Peña Camaron”. Son dez amigos (José Luis, José Manuel, Adriano, Vicente, Oscar, Julio, Luis, Javier, Gonzalo y José Manuel) aunque eses día só coincidiron seis, que coñeceronse no Concello de Ourense. Algúns como políticos e outros como funciona-

rios. Algúns xa están xubilados. Levan xa 20 anos reuníndose periódicamente. Comparten afección polo bo viño, a boa mesa, unha boa canción e unha boa conversa. Tamén comparten afección polas andainas, preferentemente polos itinerarios da “Vía da Prata”.

LA MAMMA CONSENTIDA
Restaurante - Cervexería - Cafetería

Rúa Valle Inclán, 21
988 006 173
OURENSE

Saborido Vinoteca

Avda Caldas nº 51 32001 A Ponte Ourense

@SaboridoOficial
 @JoseSaburido
 josesaburido

988 217 442
 608 150 381
 chasaborido@gmail.com

Casa Parrocha

Tortilla de parrocha
Bombiñas de cocido
Tostas de setas

Estamos en
Instagram e Facebook

Rúa Lepanto, 19
OURENSE

RESTAURANTE GULA TAPERÍA

Rúa Celso Emilio Ferreiro, 15 988 619 371.- 699 959 112
Cachopines . Bollitos preñados

Guía Gastronómica

Redacción OURENSE

“E para comer...”



Familia lucense na Praza Maior de Ourense.

E para comer...Lugo”. Ven o sabe esta familia da cidade da Muralla. Pero na última viaxe a Ourense tamén degustaron os seus membros da cociña da cidade das Burgas. Logo de tomar un café

no Druida, na Praza Maior, visitaron as fontes de augas termais. Posteriormente percorreron o casco vello nun día solleiro. Volverán, segundo dixerón, xa que logo... para comer, tamén Ourense.

A palabra e a música



Antonio Sanjuan con admiradoras.

O actor Antonio Sanjuan (premio Goya en 2007 e 2021) actuou no Teatro Principal de Ourense xunto co guitarrista e compositor Fernando Egozcue como levan facendo desde fai

unha década. “A palabra e a música”, “unha morea de verbas e sons que invocan a alegría de existir e que sinalan as forzas que se opoñen a esa alegría”, dixo Sanjuan ás fans que o saludaron mentres xantaba.

Comida dominicana

A belardo Basden é un dominicano afincado en Ourense. Toca a guitarra e canta, e a ourensá Lisa (sobriña do Pai Silva) tamén canta e toca varios instrumentos. Son asiduos de María Tapas e a finais de novembro celebraron un xantar típicamente dominicano xunto cos seus amigos de Ourense: Keko, Elias, Beti e Cristina así como Maribel

(de Petín). Esta sinalou que “as rúas son nosas” logo de participar na manifestación en favor da continuidade da universidade popular, pechada recentemente. Ás sobremesas engadíronse ao grupo María Jesús Constenla e as súas fillas Chistina e Chus irmás da actriz Belén Constenla. Varios viandantes agregáronse ao grupo.



Comida dominicana en María Tapas.



Entregados os premios do XIII Concurso de Pinchos Sabores de Ourense

Flora Moure, concelleira de Turismo, entregou os premios do Concurso de Pinchos – Sabores de Ourense da súa XIII edición de outono. Agradeceu a participación neste certame e destacou “o éxito dunha iniciativa que xa é parte do patrimonio gastronómico da nosa cidade, polo que xa estamos preparando a vindeira edición de primavera”.

Unha vez contabilizadas as papeletas válidas (865 papeletas, cun mínimo de 3.460 pinchos contabilizados, máis todos os que non se votarian), os premios elixidos nos Premios do Público foron os seguintes: 1º Premio: Antea Garden Bar polo seu pincho Queixo montés (100 votos). 2º Premio: Barallete polo seu pincho Barallete (78 votos). 3º Premio: Ataraxia polo seu pincho Taco á galega (68 votos). No tocante ao Premio ao Pincho Celiaco recaeu en Portovello polo seu pincho Magosto

Estes galardóns súmanse aos xa coñecidos do Premio do Xurado Profesional: 1º Premio: Portovello polo seu pincho Magosto. 2º Premio: Cafetería Galaica polo seu pincho Esmorga de Outono. 3º Premio: Restaurante Gastrobar Camden polo seu pincho Tronco de Outono. Accésit ao Pincho máis creativo: Portovello polo seu pincho Magosto.

A Comisión avaliadora estivo formada por Manuel Garea (cociñeiro), Alberto Traversa (xornalista) de La Alacena Roja, e representantes da C.R.D.O. Ribeiro (Luis Manuel Vázquez Barredo, María Erika Domínguez Laiño e Alejandra Nores Suárez), resultando finalistas: Casa Cortés, Le Coq, O Lar da Sabela, La Zapatería del Abuelo, Portovello, Restaurante Camden, Cafetería Galaica e Ataraxia.

No que respecta ao xurado profesional, estivo composto por



A entrega dos premios realizouse no Liceo ourensán.

Héctor López (cociñeiro e propietario do restaurante España (Lugo), 2 soles Repsol, e membro do Grupo Nove), Javier Rodríguez

Ponte “Taky” (cociñeiro do catering Boketé e membro do Grupo Nove), Jacobo Rodríguez-Hermida Montes (xefe do departamento

de Hostalería e Turismo do IES Vilamarín) e Jesús Lastra García (docente de hostalería de CIFP Santa María de Europa).



**Café Bar
PACO**

Pizzas
Hamburguesas
Especialidade en
cañas de cervexa

Rúa do Vinteun, 19
Tfn. 988 31 87 93
Ourense



**DONA CHICA
TAPERÍA**

Bacallau Cabrito Mariscos

988 541 274 Praza de Saco e Arce Ourense



PINCHOS
Brochetas
TOSTAS
Raciones
Ensaladas
PLATOS
“VEGETARIANOS Y VEGANOS”

Maria Tapas
Bar

Comidas
para levar

Rúa Unión 1
651 853 881



**CAFÉ BAR
VILAVELLA**

Menú diario
Comida á carta
Cachopo
Codillo
Carrilleras

Río Cerves, 2
988 000 450
O Vinteun
Ourense

Iniciouse o acondicionamento do Castelo da Pena na Limia

A Xunta de Galicia iniciou o proxecto integral de escavación, conservación e acondicionamento do Castelo da Pena, no concello de Xinzo de Limia. Trátase dunha actuación que conta cun investimento de máis de 200.000 euros e que durante 9 meses se centrará fundamentalmente na muralla exterior, unha das zonas menos visibles na actualidade.

En concreto, a intervención consistirá na limpeza da muralla exterior do castelo que se sitúa nunha zona de forte pendente moi cuberta de vexetación e de restos de derrubes, o que dificulta a súa visualización por parte dos visitantes. Así, os técnicos traballarán para investigar e actualizar a documentación existente

neste sitio, ademais de para deixar á vista unha parte importante que permita comprender e explicar o conxunto.

Tamén se actuará sobre o torreón acaroado á torre da homenaxe, de cara a rematar a súa escavación e conservación. Para isto, baleirarase o andar inferior por completo eliminando os recheos para documentar o pavimento.

Logo destes traballos, acondicionaranse os circuítos de visita ao sitio, de modo que se siga permitindo a correcta circulación dos visitantes ao redor da torre da homenaxe así como o ascenso á plataforma. Tamén se instalará unha nova sinalética que explique as características xerais do sitio e das diferentes estruturas con-

servadas co fin de facilitar un percorrido autoguiado.

Ben de Interese Cultural

O denominado castelo ou fortaleza da Pena sitúase na parroquia de San Pedro da Pena, do concello ourensán de Xinzo de Limia. O sitio está declarado ben de interese cultural e os terreos onde se empraza son propiedade da Xunta de Galicia. Trátase dun sitio patrimonial fortificado da época medieval que presenta un moi bo estado de conservación onde destaca a torre da homenaxe, de planta practicamente cadrada e fábrica de cantaría regular.

Esta sitúase en posición aproximadamente central a un recinto ovalado duns 3.000 m² 70 m de longo por 45 de anchura delimi-



Habilitarase un código QR para acceder a un vídeo que permita percorrer o interior da torre.

tado por unha muralla exterior. Dentro deste recinto poden apreciarse diversas estruturas de muros parcialmente cubertas pola densa vexetación. Nel realizáronse dúas campañas de sondaxes ar-

queolóxicas nos anos 2016 e 2017 co fin de comprobar o grao de conservación das estruturas do castelo e permitir valorar a viabilidade da súa escavación e posta en valor.

O Museo do Viño da Teixeira xa disfruta de melloras enerxéticas

A Xunta realizou dúas actuacións que se desenvolveron para mellorar a eficiencia enerxética do edificio do Museo do Viño, e a reparación da cuberta da Casa do Concello, ás que destinou case 35.000 euros.

Na Casa do Concello as obras consistiron na retirada da tella curva existente, así como dos canalóns, que se substituíron por tella mixta sobre restreles de madeira verticais e horizontais, que evitan as filtracións actuais de auga.

No Museo do Viño as actuacións que se desenvolveron atinxen ao cambio da carpintería exterior de aluminio por outras de aluminio lacado con dobre acristalamento e persianas nas ventás de maior tamaño, co obxecto de mellorar a eficiencia enerxética o edificio. O acristalamento ten vidro de seguridade pola cara interior

Gabriel Alén, delegado territorial puxo en valor os re-



Gabriel Alén, delegado da Xunta con Miguel Cid, alcalde da Teixeira.

centes investimentos da Xunta no concello como os da Consellería do Medio Rural de 30.096 euros dentro das axudas do Plan de mellora de camiños municipais e de acceso a parcela agrícolas; as de Presidencia, Xustiza e Turismo de 12.349 euros para o mantemento das rutas de BTT e de sendeirismo

compartida co concello de Parada de Sil, e a de 34.963 euros para diferentes intervencións en edificacións municipais; e a da Consellería de Emprego e Igualdade, de preto de 21.000 euros dentro do programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

“Santa Comba de Bande” libro de Rodríguez Cao



Celso Rodríguez Cao presentou o seu novo libro “Santa Comba de Bande”, que afonda na historia desta igrexa visigótica que conseguiu ser o primeiro Monumento Nacional da provincia de Ourense.

Durante a presentación do exemplar, que se levou a cabo no interior da igrexa, Anxo M. Lorenzo, secretario xeral de Cultura da Xunta, fixo un chamamento para que todos os galegos se animen a percorrer “o interior e historia da igrexa de Santa Comba

de Bande a través da escritura de Celso Rodríguez Cao”. Neste senso, lembrou que a presentación do libro encádrase na programación apoiada pola Xunta de Galicia para conmemorar o centenario da declaración da igrexa como Monumento Nacional, no mes de agosto de 1921.

A igrexa de Santa Comba de Bande é un dos principais Bens de Interese Cultural (BIC) da provincia de Ourense e no que a Xunta inviste permanentemente para garantir a súa conservación.

A mellora da contorna do santuario de Couso de Salas, en Muíños, estará lista no próximo outono

Ethel Vázquez, conselleira de Infraestruturas, anunciou a licitación das obras das sendas peonís en Vilar de Cas e Güimil e da mellora da contorna do santuario de Couso de Salas, no Concello de Muíños, cun investimento da Xunta de case 200.000 euros.

Vázquez Mourelle visitou Muíños para presentar as actuacións previstas na estrada autonómica OU-302 ao seu paso por este Concello, onde avanzou que o obxectivo da Xunta é iniciar as obras a comezos da primavera para que poidan estar rematadas no vindeiro outono, pois teñen un prazo de execución de seis meses. Preciso que as empresas interesadas en realizar os traballos teñen ata o vindeiro día 7 de decembro para presentar as súas ofertas.

A conselleira detallou que con estas obras en Vilar de Cas e en Muíños quere poñerse á disposición dos veciños un total de 560 metros de novos itinerarios que lles permitan desprazarse dun xeito máis cómodo e seguro. Ademais, a intervención na contorna do Santuario de Couso de Salas contribuirá a poñer en valor e reforzar o atractivo turístico dese



Tamén se actuará no lugar de Souto de Limia.

monumento.

A actuación proxectada en Vilar de Cas suporá habilitar tres treitos de sendas pola marxe dereita da estrada, que suman 450 metros de lonxitude, incluíndo, tamén, a drenaxe para a condución das augas pluviais e da rede de sumidoiros.

Igualmente, actuarase na marxe dereita da OU-302 no lugar de Güimil, executando outros 100 metros de senda para facilitar os desprazamentos entre o centro sociocultural e as vivendas da zona.

Ademais mellorarase a accesibilidade na contorna do Santuario de Couso de Salas, coa reposición de beirarrúas e coa colocación dunha marquesiña na parada de autobús. A ese respecto, Ethel Vázquez apuntou que, aínda que neste núcleo existen beirarrúas cun ancho aproximado de 1,5 metros, está previsto mellorar a súa accesibilidade e reparar as baldosas e os bordos deteriorados, ademais de dotar de pavimento podotáctil as ramplas e os vaos dos pasos peonís.

Volve a Ourense campaña lápiz solidario



Donación de xoguetes Adra.

Un ano mais, e xa van 16, carrexando ilusión e xoguetes aos nenos máis necesitados. As tendas Juguetos de Ourense e Orixe Publicidade e Comunicación, poñen en marcha esta campaña, na que colaboran máis de 60 establecementos da cidade. Nos seus negocios poderanse mercar os lápices, por só un euro, con distintos deseños con máis de 15 modelos diferentes.

En palabras de Avelino Jácome representante de Orixe, "este ano hai máis necesidades que nunca, pero os ourensans son moi solidarios e estou seguro, que a pesares das dificultades de esta pandemia, van a colaborar moito coma o veñen

facendo dende sempre". Mostrouse así de esperanzado no arrinque oficial e engadiu: "Quero agradecer os medios de Comunicación a súa labor, dando a coñecer esta iniciativa, e como non a cada un dos negocios do comercio local que a pesares de estar en malas condicións nestes intres, fixeron un esforzo para seguir mantendo a súa solidariedade con quen máis o precisa".

A campaña durará ata o 6 de xaneiro do 2022. Comenta Manuel Lorenzo Reguera, xerente de Juguetos Ourense "o obxectivo e chegar os máis nenos posibles, cando menos a tantos coma nos anos anteriores; cotamos coa axuda de moita xente e imolo conseguir."

Xunta e Concello de Ribadavia avalían a implantación dun polígono agroforestal

José González, conselleiro do Medio Rural, mantivo unha xuntanza de traballo con Noelia Rodríguez, alcaldesa de Ribadavia, para coñecer as necesidades e demandas dos habitantes deste concello ourensán relacionadas co agro. Ambos acordaron estudar a posibilidade de implantar un polígono agroforestal para dedicalo a viñedo, co fin de ampliar así a produción da denominación de orixe Ribeiro. Na reunión tamén participou Inés Santé, directora xeral

da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

En concreto, na reunión trataron as vantaxes de impulsar unha ampla superficie de terreo para reforzar a actividade económica no municipio. Neste senso, o conselleiro sinalou que a posta en marcha deste instrumento que contempla a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia contribuirá á xeración de riqueza e á fixación de poboación, ademais de supoñer un avance na anticipación aos incendios forestais,

ao exercer estes cultivos de devasa natural fronte ao lume.

O titular do Medio Rural lembrou que os polígonos agroforestais constitúen unha das principais ferramentas contempladas na nova norma e explicou que esta figura voluntaria ten por obxecto a volta á produción de grandes áreas de terra con boa capacidade produtiva que alcanzaron, co paso do tempo, estados de abandono ou infrautilización. Nesta liña, ambos dirixentes acordaron estudar posibles zonas de actuación, co obxectivo



A reunión celebrouse na Consellería do Medio Rural.

de analizar as posibilidades orográficas e produtivas do terreo e poñer en marcha este instrumento, sempre co acordo dos veciños beneficiarios.

O conselleiro e a alcaldesa estudaron a situación actual das

principais infraestruturas rurais, co fin de poder levar a cabo melloras nos viarios e acadar unha mellor calidade de vida para os veciños en xeral e para os agricultores e gandeiros que fagan uso deses camiños en particular.

A Xunta e Consorcio de Turismo Ribeira Sacra impulsan accións de promoción

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo asinaron un convenio de colaboración co Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra polo que destina 50.000 euros para financiar accións de promoción desenvolvidas este ano.

Javier Arias, delegado da Xunta en Lugo, explicou que os fondos van destinados ás iniciativas do Xeodestino encamiñadas a consolidar a oferta vencellada á viticultura e á natureza, así como o turismo familiar.

A través deste acordo asúmense os custos de reedición de soportes impresos; campañas e accións estratéxicas en redes sociais, medios especializados e eventos; catálogos de produtos; ampliación do banco de imaxes e a produción dun vídeo promocional en formato Storytelling, ademais doutras accións de difusión e comercialización. Tamén está incluído o primeiro Festival de Patrimonio Os Peares.

A Axencia de Turismo de Galicia asume o 80% do orzamento que contempla o convenio e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra

inviste 10.000 euros ata completar os 60.000 previstos.

O delegado sinalou que este acordo dálles continuidade aos convenios que o Goberno galego subscribe con regularidade cos xestores dos diferentes xeodestinos constituídos en Galicia “co fin de que cada zona consolide unha oferta especializada en torno ás súas singularidades e riquezas”. Arias tamén salientou que a aposta da Xunta pola calidade e a sustentabilidade do modelo de turismo galego cobra especial importancia en territorios como a



Luis Fernández Guitián, presidente do Consorcio, con Javier Arias no Pazo de Sober.

Ribeira Sacra, “que está a consolidarse como un auténtico referente en turismo de interior”. Nese sentido, lembrou que esta zona beneficiouse dun dos dous

Plans de Sostibilidade aprobados polo Estado o ano pasado -xunto co de Santiago de Compostela-, cofinanciados polo Goberno galego con 850.000 euros.

O Concello de Sober e adega Regina Viarum xa teñen a Q de calidade turística

Luis Fernández Guitián, alcalde de Sober e Iván Gómez da adega Regina Viarum, de Doade (Sober), recolleron en Vigo o selo Q de calidade turística que lles foi outorgado o ano pasado. A entrega do distintivo levou a cabo durante un acto ao que asistiron representantes da Xunta e do Instituto para a Calidade Turística de España (ICTE), do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, que concede estes selos de calidade.

O Concello de Sober obtivo este distintivo en decembro do 2020 polos dez miradoiros públicos que foron reformados ou construídos durante os últimos anos. O selo foille concedido dentro da categoría de “espazo público singular”, coa que ata entón só foran distinguidos catro lugares de Galicia. O Concello puxo en marcha en marzo unha campaña de promoción da súa rede de miradoiros baixo o lema



Iván Gómez, de Regina Viarum e Luis Guitián, alcalde de Sober.

“Sober é Qalidade”. A iniciativa comprende publicacións en redes sociais e a organización de diversas actividades.

Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta, destacou a aposta do Goberno galego polo turismo de calidade e o traballo levado a cabo durante a pandemia para apoiar ao sector e reforzar a

mensaxe de Galicia como destino seguro, de calidade e sostible. Así o indicou no acto de recoñecemento das Q de Calidade Turística 2020 de Turismo de Galicia, ao que tamén acudiron a directora de Turismo de Galicia, Nava Castro e a delegada territorial da Xunta en Vigo, Marta Fernández-Tapias.

Premio “María Moliner” para a Biblioteca de Sober



Biblioteca municipal de Sober.

A biblioteca pública de Sober acaba de ser galardoada cun dos premios María Moliner de animación á lectura que conceden o Ministerio de Cultura e a Federación Española de Municipios e Provincias. O centro xa conseguira este galardón noutras seis ocasións.

A distinción foille outorgada por un programa denominado “Sober coa lectura” que comprende actividades para nenos e adultos. O premio conleva unha subvención en metálico de 2.000 euros para a compra de libros e publicacións periódicas.

Os premios María Moliner concédense ás bibliotecas que levan a cabo un proxecto único que inclúa accións de animación á lectura e valoran especialmente as-

pectos como a eficiencia no labor bibliotecario, a integración social na comunidade e o uso das novas tecnoloxías. A biblioteca de Sober foi a única da provincia, xunto coa de Xermade, que foron premiadas na edición deste ano.

As actividades de animación á lectura son programadas pola bibliotecaria Julia Fernández Garza, a animadora sociocultural Dunia Rodríguez Vázquez e a técnica municipal de informática Rocío Fernández Pérez. Entre estas actividades figuran o programa semanal Merendas con Contos, dedicado aos usuarios de idade escolar, e o club de lectura Pintor de Castinande, para usuarios adultos, así como moitas outras actividades que se organizan ao longo do ano.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Monforte case duplica o investimento no alumeado para o Nadal 2021

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, deu a coñecer en rolda de prensa o dispositivo de alumeado de Nadal que o Concello está xa a instalar nas rúas do municipio e para o que destina unha inversión de 50.000 euros, cifra que case duplica ós 28.000 € investidos en 2020.

“Isto suporá a maior inversión en alumeado de Nadal na historia de Monforte, cun incremento en relación co ano anterior, de 22.000 euros, o que representa un 78,5% de aumento”, subliñou o rexedor monfortino. “O impulso ó alumeado de Nadal, é un dos primeiros pasos para volver a esa nova normalidade que todos desexamos, aínda que sexa coa debida prudencia”.

O alcalde destacou que “nun ano tan difícil para todos como foi o 2021, especialmente nos primeiros 6 meses, para os sectores importantes da nosa economía como son o comercio e a hostalería, decidimos darlle un impulso moi importante ó alu-

meado de Nadal, para animar ós monfortinos e ás persoas que nos visitan, a que saían á rúa, que disfruten da cidade e que se animen a mercar no noso comercio e a consumir na nosa hostalería”.

“En total” indicou Tomé Roca, “superaranse as 50.000 luces, pasando de 32.000 a máis de 50.000, é dicir, case 20.000 máis que en 2020, para dinamizar o Nadal da nova normalidade”. “Todo este dispositivo do alumeado de Nadal, está sendo instalado por unha empresa monfortina, para contribuír a manter ou crear emprego e que os beneficios industriais queden en Monforte” destacou o Alcalde.

O alumeado será encendido o venres día 3 de decembro ás 6.30 da tarde, e apagarase o domingo día 9 de xaneiro, permanecendo en servizo 38 días. A inversión destinada polo alcalde para a iluminación de Nadal, que alcanza os 50.000 euros, é o maior investimento da historia de Monforte.

Deste xeito, para 2021 o equipo de goberno aumenta significativamente o número de arcos colocados, que serán 70 arcos máis de novo deseño, pasando de 162 en 2020 a 232 neste ano 2022. “En total” dixo Tomé Roca, “superaranse as 50.000 luces neste Nadal, co obxectivo de impulsar as compras e o consumo no comercio e na hostalería de Monforte”.

Neste ano 2021, mantense o mesmo número de rúas con arcos de Nadal, “porque consideramos que damos cobertura a toda a cidade, para que todos os veciños e veciñas de Monforte, sintan de cerca o espírito de Nadal, por ser posiblemente as festas máis familiares do ano”, indicou José Tomé.

Nos tres últimos anos, como elemento singular, instalábase na Praza de España unha estrela ou un paquete de regalo, “pero este ano queremos simbolizar unha nova esperanza”. Así, o Concello colocará como novidade unha ár-



Rolda de prensa do alcalde sobre as luces do Nadal.

bore de Nadal, na Praza de España, a modo de cono de gran tamaño, “para que a xente poida facerse fotos no seu interior e para inxectar ilusión e alegría nas persoas que viven ou que visitan Monforte”.

Os arcos de Nadal serán de Led, de baixo consumo e maior visibilidade, dando resposta a un alumeado máis intenso que coas luces convencionais. Ademais das 64 rúas iluminadas con arcos, tamén estarán adornadas a Torre da Homenaxe, a Praza de España, o Campo de San Antonio, a Praza de Carude, a Praza dos Chaos, a Praza da Estación, e 7 arcos de “Bo Nadal” que se ubicarán nas entradas á cidade de Monforte.

Tamén será adornado coa Estrela de Nadal o cedro que se

atopa entre a Praza das Casitas e a explanada da Compañía, “como unha guía que nos conduza cara a un ano mellor para todos”. Para complementar o alumeado de Nadal, tamén funcionarán as fontes da cidade todos os días como si fose en horario de verán, de xeito particular, as fontes que teñen iluminación, como a da Estación, a das Casitas ou a do Parque da Compañía.

“O desexo do Concello” concluíu o alcalde, “é que este amplo dispositivo de Nadal, sirva para animar á xente a saír á rúa, a mercar no comercio local, que anime e que alegre a vida dos nosos veciños e veciñas, e que en definitiva sexa o principio dun ano e dunha vida normal”.

Concurso de Beléns para centros educativos de Monforte

A Concellería de Cultura do Concello de Monforte ven de convocar un concurso de beléns no que poderán participar os centros educativos. As solicitudes de inscrición para a participación no certame poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Monforte, sendo o derradeiro día o 15 de decembro ás 14:00 horas. Todas aquelas solicitudes presentadas fóra deste prazo serán desestimadas calquera que sexa a causa do seu atraso.

O xurado cualificador do concurso visitará os centros participantes o 16 de decembro e a súa decisión será inapelable e para elo valorará a orixinalidade, o traballo e a presentación artística. Os premios faranse públicos o 16 de decembro nos medios de co-

municación. O xurado estará composto por: Presidente: A delegada de Cultura ou persoa á que designe. Vocais: Persoas relacionadas coa cultura local. Secretario: O técnico de Cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

O xurado terá liberdade de criterio para establecer as súas cualificacións, sendo os criterios a valorar os seguintes: a montaxe, a elaboración, os materiais utilizados, a orixinalidade o interese etnográfico e calidade do belén.

Haberá un primeiro, un segundo, un terceiro premio e un accésit. Se o xurado o considera oportuno poderá conceder dous primeiros, dous segundos, dous terceiros premios ou tres accésits,



Cada centro educativo só pode presentar un belén.

sempre que a suma total dos premios concedidos no concurso non supere os 510 €. Os premios serán indivisíbeis e poderá quedar deserto algún deles, segundo a decisión do xurado do concurso. Así, o primeiro premio estará dotado con 100 euros, o segundo con 80 euros, o terceiro con 50 euros e o accésit con 30 euros.

0 firme na estrada LU-109 en Monforte foi reformado

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de investir 190.000 euros nas obras de mellora do firme da estrada autonómica LU-109, no concello de Monforte de Lemos. Javier Arias, delegado da xunta, acompañado por persoal técnico da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), supervisou o resultado dos traballos de reforzo do pavimento nos 3,5 quilómetros de lonxitude da vía, que formaba parte do trazado da antiga conexión Monforte-Sarria e que enlaza coa actual estrada Nabela-Monforte (LU-546) a través da parroquia de Ribas Altas.

As obras consistiron na execución dunha nova capa de rodadura con mestura bituminosa en quente en todo o traxecto.

Agora estase a traballar no repintado da sinalización horizontal, tarefas que quedarán rematadas nos vindeiros días.

Arias precisou que a actuación foi financiada con cargo ao contrato de conservación ordinaria das estradas da Zona Sur co obxectivo de mellorar a seguridade do tráfico nesta área.

“Garantir o bo estado das infraestruturas viarias é unha das prioridades da Xunta”, salientou Arias, quen lembrou que os orzamentos do departamento de Infraestruturas para o vindeiro ano destinan máis de 10,5 millóns de euros na provincia de Lugo para realizar actuacións de conservación, vialidade invernal, mellora de firmes ou supresión de tramos de concentración de accidentes.

David Gallego, un perruqueiro de Ourense no Luar



David Gallego é o recanteiro de Ourense Oriental; simpático, xoven, cargado de sonhos. Rexenta unha perruquería no barrio do Couto (Ourense).

- Qué supón para ti participar en Recanteiros do programa Luar?

- Pois unha experiencia nova increíble. Amo a música. En esta oportunidade e a este nivel estou encantado.

- Representas a Ourense Oriental?

- Sí. Porque é a zona que me tocou. Pero encantado de loitar pola miña zona, é un privilexio representar ao noso nun programa con tanta audiencia e rodeado de grandes artistas

- Qué expectativas tes da túa participación?

- Aprender e disfrutar ao máximo chegando o máis lonxe posible, e disfrutar do camiño.

- Cómo é a túa preparación para Recanteiros?

- Eu son autodidacta, practiquei en karaokes. Ja, Ja e a ducha é a miña preparación. O meu oído musical e a miña paixón son os meus principais mestres.

- Gustaríache ter un futuro na música?

- Non sei si de por vida pero sí que me gustaría; a verdade e que disfruto moito cantando e interpretando.

- Cres que este programa pode ser un escaparate para ti?

- Sí porque estamos expostos. Na tele é moita xente a que nos ve; pode ser unha moi boa oportunidade. Por outra banda e a realización de un sonho, poder chegar

a casa dos telespectadores.

- Ti ademais és estilista e iso notase.

- Pódese notar se cadra no xeito de aparecer nas actuacións, como ben dis eu rexento Divatrol o meu negocio de perruquería e imaxe, na rúa Francisco de Moure en Ourense. Mais direiche que a miña especialidade é poñer guapas e guapos aos outros, aínda que por suposto eu tamen queira dar unha boa imaxe.

-Tamén colaboras co grupo de NÓS, A xente do Redor o responsable da revista do mesmo nome verdade?

- Así é. Actuei precisamente na homenaxe ao actor e bó amigo, o xa desaparecido Fernando Gabelo. Síntome moi orgulloso dese traballo feito pola cultura e contan comigo para o que poida ser útil.

“Os nosos castelos da Ribeira Sacra: Monforte de Lemos” exposición na Casa da Cultura



Inauguración da exposición.

A Casa da Cultura Poeta Lois Pereiro de Monforte acolleu o acto inaugural da exposición “Os nosos castelos da Ribeira Sacra: Monforte de Lemos” organizada polo Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, en colaboración co Concello de Monforte.

Na inauguración participaron o director de dito instituto, Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, acompañado pola tenente de alcalde, Gloria Prada, a concelleira de Cultura, Marina Dou-tón, o concelleiro de Obras, Medio Rural e Servizos, José Luis Losada, e outras autoridades.

A exposición que se ubica no vestíbulo está composta por 6 paneis informativos arredor da Torre da Homenaxe de San Vicente, de biografías de personaxes relacionados cos señores da Casa de Lemos, imaxes proporcionadas polo Concello e e debuxos realizados por alumnos dos centros

educativos de Monforte. Ademais, conta cun vídeo explicativo sobre a Torre monfortina. Esta exposición poderá ser visitada ata o 10 de decembro.

Tras a inauguración, tivo lugar unha conferencia a cargo de Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, director deste Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, que forma parte do Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

Tras ela, levouse a cabo a entrega dos premios do 1º concurso de debuxo “Debuxando os nosos castelos da Ribeira Sacra: Monforte de Lemos” no que participaron e foron agraciados con diverso material didáctico alumnos e alumnas dos centros educativos de Monforte, concretamente de Primaria e ESO.

Previamente, nestes centros educativos tamén tivo lugar un obradoiro de heráldica para nenos e nenas de 3º a 6º de Primaria.

ORO Y PLATA
+25 años a su servicio
Sto. Domingo 37, Entresuelo, Ourense
enfrente confitería
988 232 903

www.orixepublicidade.es 988 60 70 75

Orixe
PUBLICIDAD Y COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Sudaderas Personalizadas a todo color al mejor precio

Francisco de Moure 20, Ourense

jba
servicios inmobiliarios
Info@jbainmobiliaria.com
988 10 20 75
www.jbainmobiliaria.com